

ACTA COORDINACIÓN DE VILAS E BARRIOS

1-8-11

ORDE DO DÍA:

- 1-Valoración manifestación do día 23 de Xullo
- 2-Xuntanza 27 Agosto Cambre
- 3-Ensino (proposta Agra do Orzán)
- 4-Críticas á Coordinadora dende Oleiros,info barrios,propostas.

1- En xeral moi positiva. 200-300 personas movilizadas un 23 de Xullo con moi pouco tempo de antelación. Primeira convocatoria da Rede de Vilas, que serve para visibilizar a masa de xente que traballan nos barrios. Bastante repercusión nos medios (existe demanda de que este movemento avance)

Erros: precisamente as présas, pouca preparación das consignas e as pancartas. Se saíu ben foi pola xente que se mollou para solucionar os problemas que xurdiron no último momento, que non foron ben preparados polo caos na reunión da coordinadora previa á manifestación. Críticas por parte de xente de Oleiros pola toma de decisións sen consultar ás Asembleas.

2- Cada asemblea vai ter un espazo propio, recomendan un rótulo. 1 carpa por barrio, 2 ou 3 para o resto das actividades. Píden colaborar con sillas e mesas.

Comida: cada quen leva a súa.

Informan que vai haber luz (pedida ó Concello), 2 proxectores, equipo de son, wifi,... Suxiren levar cámara de vídeo.

Farase difusión do Troco en tódalas asembleas.

Cartelería: deseñada por Cambre, difusión nos barrios según os medios de cada asemblea. Evento en Facebook.

Charlas: cae a de Verdegaiá, propónse a de reforma laboral e outra acerca do ensino (ofrecida en Agra do Orzán).

Pídese unha pequena presentación de cada barrio.

Monte Alto propón como actividade unha Asemblea de Nenos.

Palavea un mercado de troco.

O evento está detallado no blog de Cambre www.indignadosencambre.blogspot.com

Ó final terminarase cunha Asemblea. Suxerencias para orde do día:

-Texto sobre a coordinadora dos barrios e o seu funcionamento. Repaso ós 8 puntos.

Sondear nivel de acordo co funcionamento e existencia da Coordinadora. O texto vai ser enviado ó mail.

-Marcar que a rede de Asembleas vai apoiar tódalas loitas contra as inxustizas sociais.

-banca

-políticos

-citar para 15 outubro

-cita Foro 15M Galego en Lugo a proposta de DRY.

-eleccións:medidas propostas ós políticos por Iniciativa Ben Común

-assembleas de parados (Monte Alto)

-Pais e Nais (Palavea)

-seguinte xuntanza

A participación e debate debería darse máis nas charlas e non na asemblea para non complicar.
Non queda claro o carácter da asemblea, posponse o debate: informativa ou decisoria?

Filipe suxire ir armando un calendario para despois do 15 de Outubro.

3- Ensino:

9 de setembro manifestación en Santiago.
20 de setembro paro de docentes de 10 a 10:30
21 e 27 folga no ensino.

Acórdase levar charlas ás asembleas para informar da problemática actual do ensino público, con profesores da zona explicando os problemas, para mobilizar para os actos de setembro en apoio do ensino público. A información dáse con un sentido: trascender a algo superior, belixerancia. Consegúriase incorporar a moita xente indignada cos problemas do ensino público ó 15M. Tratarase este tema na xuntanza do 27.
Suxírese crear unha plataforma polo ensino público, con sindicatos, nais e pais de alumnos, docentes, asociacións,...

4-desahucios: vai haber 1 en Palavea e outro nos Castros (C/ de la Merced) especialmente significativos polas circunstancias personais dos afectados.
Informarase nas asembleas para pedir colaboración. Problema: ó parecer non chega info de desahucios a tódalas asembleas. Mail: desahucios.coruna@gmail.com

Foro de Acampadas 6 Agosto en Lugo: informar nas asembleas da convocatoria.
Chegou info ó mail do blog recentemente.

Oleiros: críticas á manifestación do 23 e á petición de permiso. A coordinadora non pode decidir nada sen pasar polas asembleas. Suxírese facer unha reunión da coordinadora en Oleiros.

Monte Alto: grupos de traballo Observatorio e Medio Ambiente queren traballar na proposta acerca do transporte público xunto con Oleiros. Agra do Orzán teñen en mente algo polo estilo, e Cambre co transporte adaptado concretamente, pero van a esperar a ver qué proposta fan os demais. Monte Alto pide os mail da xente encargada do tema do transporte público en todos estes barrios para que traballen coordinados entre eles directamente.

Propónse unha carta ós partidos políticos esixíndolles propostas concretas e qué mecanismos van dispoñer para depurar responsabilidades en caso de incumprimento.

Máis barrios para setembro: Castrillón, Culleredo (Cambre xa fixo unha intentona), Cidade Vella (hai un grupiño de 6 persoas), Carral?

Financiación: débense máis de 200 € a Marta e Manolo. Ventas ou cuota para financiarnos? Falase de venta de camisetas, pegatas,...

ORDE DO DÍA LUNS 8 DE AGOSTO

1-27 de Agosto Cambre

2-Financiación
3-Elecciones